

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Inglés-Español				
Materia	Tradución especializada idioma 2: Científica-técnica: Inglés-Español			
Código	V01G230V01948			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición				
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Veiga Díaz, María Teresa			
Profesorado	Veiga Díaz, María Teresa			
Correo-e	mveiga@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A materia concíbese como un espazo didáctico en que o alumnado deberá alcanzar competencia na tradución de textos especializados dos ámbitos científico e técnico do inglés cara ao español. Enténdese que o alumno está familizarizado cos principios metodolóxicos básicos da tradución e que posúe un coñecemento excelente das linguas de traballo.			

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C4	Coñecer norma e usos das linguas de traballo
C5	Dominio de técnicas terminolóxicas e neolóxicas para a tradución especializada
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C15	Dominio das técnicas de edición, maquetación e revisión e corrección específicas dos textos traducidos
C17	Capacidade de tomar decisións
C21	Rigor e seriedade no traballo
C22	Destrezas de tradución
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
C27	Capacidade de razoamento crítico
D3	Capacidade de organización e planificación de proxectos
D5	Coñecementos de informática aplicada
D6	Capacidade de xestión da información
D8	Compromiso ético e deontolóxico
D12	Traballo en equipo
D14	Motivación pola calidade
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Adaptación a novas situacións
D22	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica

Resultados de aprendizaxe			
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Adquisición do coñecemento e comprensión das características da linguaxe empregada nos textos científicos e técnicos nas comunidades socioculturais vinculadas pola tradución.	A3 A4	C4 C8 C26 C27	D6 D15 D23
Estabelecemento das bases para o recoñecemento dos diferentes tipos de tradución practicados no ámbito profesional nos campos científico e técnico e desenvolvemento da capacidade de seleccionalos eficazmente en función dos correspondentes xéneros textuais que, no marco da tradución científico-técnica, se revelarán críticos ou problemáticos.	A1 A2 A3 A4 A5	C4 C17 C22 C27	D6 D15 D23
Desenvolvemento da capacidade para recoñecer no texto de partida científico ou técnico redactado en inglés ou en español as estruturas léxicas, morfosintácticas, textuais e conceptuais que se revelarán críticas ou problemáticas no marco da tradución científico-técnica.	A1 A2 A3	C4 C17 C22 C26 C27	D6 D15 D22 D23
Fomento das capacidades para, autónoma e eficazmente, detectar e analizar problemas tradutivos e para aplicar as pertinentes estratexias de tradución directa no marco da tradución científico-técnica.	A1 A2 A3 A4 A5	C4 C5 C8 C15 C17 C21 C22 C26 C27	D3 D5 D6 D8 D12 D14 D15 D16 D22 D23
Desenvolvemento dun método de traballo eficiente que lle permita abordar un texto científico ou técnico dunha materia inicialmente pouco coñecida para chegar a traducilo adecuadamente.	A1 A2 A3 A4 A5	C4 C5 C8 C15 C17 C21 C22 C26 C27	D3 D5 D6 D14 D16 D22 D23

Contidos	
Tema	
COÑECEMENTO XERAL E COÑECEMENTO ESPECIALIZADO	Revisión das diferenzas entre coñecemento xeral e coñecemento especializado e das características dos textos que transmiten coñecemento especializado.
A CIENCIA E A TÉCNICA	Diferenzas entre ciencia e técnica. A clasificación das ciencias proposta pola UNESCO.
A COMUNICACIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA	Obxectivos e fins. A situación comunicativa: axentes implicados. O texto científico como ferramenta de comunicación. A linguaxe científica como medio de expresión: características e metas. O estilo científico-técnico: características. Tipoloxías de textos e xéneros textuais: características e tradución.
A DOCUMENTACIÓN PARA A TRADUCIÓN CIENTÍFICO-TÉCNICA	O proceso de busca documental: fases e procedementos. Ferramentas para a tradución científico-técnica. Aplicación de estratexias de busca documental á tradución de textos científicos e técnicos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	1	3
Traballos tutelados	14	49	63
Sesión maxistral	6	6	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	14	28	42
Estudo de casos/análises de situacións	4	8	12
Titoría en grupo	2	0	2

Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	2	4	6
Probas de resposta curta	2	6	8
Probas de autoavaliación	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias teñen dous obxectivos: presentar a materia ao alumnado e reunir información sobre o alumnado para avaliar a situación de partida.
Traballos tutelados	Os traballos tutelados abarcan dous tipos de traballos: 1. Elaboración por parte do estudante, de maneira individual, dun documento en que reflexione sobre os aspectos do libro de lectura obrigatoria que se lle indiquen e relacione ditos aspectos cos contidos do curso. 2. Realización de actividades que enfrontan os alumnos, traballando en equipo ou individualmente segundo o permitan as características do grupo matriculado, a problemas abertos de tradución. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Actividade en que se formulan exercicios ou encomendas relacionados coa materia. O alumno, de maneira individual ou en grupo, debe resolver adecuadamente a tarefa encomendada aplicando procedementos e estratexias adecuados. Esta metodoloxía inclúe tamén traballo na aula.
Estudo de casos/análises de situacións	Actividades de análise previa dos textos propostos para traducir, en que se inclúe a detección e resolución de necesidades documentais.
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumnado mantén co profesor da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada estudante tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. As consultas formuladas polos estudantes mediante correo electrónico contéstanse tamén en horario de titorías oficiais. No caso dos traballos, os proxectos e a resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA.
Sesión maxistral	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada estudante tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. As consultas formuladas polos estudantes mediante correo electrónico contéstanse tamén en horario de titorías oficiais. No caso dos traballos, os proxectos e a resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA.
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada estudante tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. As consultas formuladas polos estudantes mediante correo electrónico contéstanse tamén en horario de titorías oficiais. No caso dos traballos, os proxectos e a resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA.
Titoría en grupo	Atenderanse as necesidades de aprendizaxe de cada estudante tanto dentro das aulas como nos horarios de titorías oficiais. As consultas formuladas polos estudantes mediante correo electrónico contéstanse tamén en horario de titorías oficiais. No caso dos traballos, os proxectos e a resolución de problemas e/ou exercicios, poderá darse ao alumnado feedback a través da plataforma docente TEMA.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Actividades introdutorias	As actividades introdutorias servirán para facer unha avaliación inicial do alumnado que axudará a determinar cal é a situación de partida na materia en canto á competencia tradutora do estudantado, a súa actitude cara á materia e os seus coñecementos previos.	0	A1 C4 D14 A2 C5 D16 A3 C8 D22 A4 C17 D23 C22 C27

Traballos tutelados	O alumnado realizará dous traballos tutelados. No primeiro traballo cada estudante, de maneira individual, redactará un documento breve en que reflexione sobre os aspectos do libro de lectura obrigatoria que se lle indiquen e relacione ditos aspectos cos contidos do curso. Será obrigatorio entregar este traballo para poder aprobar a materia e asignaráselle un 10% da cualificación final. Data de entrega: luns, 1 de marzo de 2016. Lugar: exercicio creado no sitio da materia en FAITIC. No segundo traballo, o alumno presentará unha traducción realizada en grupo (se as condicións de matrícula o permiten), xunto cunha serie de tarefas que se lle propoñerán como parte do traballo. A este traballo asígnaselle un 25% da nota final da materia e é obrigatorio presentalo para poder aprobar a materia. Data de entrega: mércores 27 de abril de 2016. Lugar: exercicio creado no sitio da materia en FAITIC e caixa do correo nº52.	35	A1 A2 A3 A4 A5	C4 C5 C8 C15 C17 C21 C22 C27	D3 D6 D8 D12 D14 D16 D22 D23
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os estudantes deben subir ao seu cartafol persoal de FAITIC todas as tarefas que se lles encomenden, sexan exercicios, traballos, proxectos, traducións ou revisións de traducións (individuais ou grupais). A profesora fará un seguimento dos cartafoles persoais do alumnado e corrixirá e puntuará unha das tarefas propostas (a mesma para todo o alumnado do curso).	25	A1 A2 A3 A4 A5	C4 C5 C8 C15 C17 C21 C22 C27	D5 D6 D14 D15 D22 D23
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Na primeira semana de maio de 2016 os estudantes desenvolverán unha proba práctica que consistirá na tradución, do inglés ao español, dun texto breve (sobre 250 palabras). Para o desenvolvemento desta proba non se permite o uso de apuntamentos nin de medios telemáticos. Para superar a materia é obrigatorio superar esta proba. A data precisa comunicarase a todos os estudantes matriculados con suficiente antelación.	20	A2 A4 A5	C17 C22	D15 D22
Probas de resposta curta	Ao remate do tema 3, os estudantes desenvolverán una proba teórica de resposta curta en que demostrarán que adquiriron os coñecementos mínimos establecidos (detallados no apartado "Outros comentarios e segunda convocatoria"). Dun total de oito preguntas, deben responder axeitadamente sete. De non superaren esta proba, poderán recuperala ao longo do curso. É obrigatorio aprobar a proba teórica para aprobar a materia. Para o desenvolvemento desta proba non se permite o uso de apuntamentos nin de medios telemáticos. Data da proba: segunda sesión de clase da semana do 7 ao 11 de marzo de 2016 na aula correspondente. A data exacta notificaráselles a todos os estudantes matriculados con suficiente antelación.	20	A1 A2 A3 A4	C4 C26 C27	D15 D22
Probas de autoavaliación	Ao longo do curso, o alumnado irá desenvolvendo actividades de autoavaliación, que lle permitirán determinar o seu progreso e detectar posibles necesidades de aprendizaxe.	0	A1 A2 A3 A4 A5	C4 C5 C8 C15 C17 C21 C22 C26 C27	D3 D5 D6 D8 D12 D14 D15 D16 D22 D23

Outros comentarios sobre a Avaliación

As metodoloxías descritas no cadro anterior e as porcentaxes asignadas a cada unha delas aplícanse ao sistema de avaliación continua, que se corresponde coa avaliación realizada no mes de maio. O sistema de avaliación continua non esixe asistencia ás clases, o que permite que todos os estudantes matriculados teñan as mesmas condicións de avaliación na primeira oportunidade de avaliación.

ESIXENCIAS DA PRIMEIRA OPORTUNIDADE DE AVALIACIÓN (MAIO):

- Entregar dentro do prazo establecido o 80% das tarefas encomendadas ao longo do curso,incluídas aquelas que non teñen peso na cualificación final. Todas as tarefas entregadas deben estar completas para que conten como entregadas. Dentro dese 80% inclúense obrigatoriamente as seguintes:
a) Traballo tutelado sobre o libro de lectura.
b) Proxecto de tradución directa.
c) Proba teórica de resposta curta sobre os contidos mínimos esixidos*.
d) Proba práctica de tradución directa.
Para o desenvolvemento das probas teórica e práctica non se permite o uso de apuntamentos nin de medios telemáticos.

A PROBA TEÓRICA REALIZARASE NA SEMANA DO 7 AO 11 DE MARZO DE 2016 EN HORARIO DE CLASE. A PROBA PRÁCTICA CELEBRARASE NA PRIMEIRA SEMANA DE MAIO DE 2016. AS DATAS E HORAS PRECISAS NOTIFICARANSELLES CON SUFICIENTE ANTELACIÓN A TODOS OS ESTUDANTES MATRICULADOS A TRAVÉS DA PLATAFORMA FAITIC E POR CORREO ELECTRÓNICO.
Os estudantes teñen dereito, se o solicitan, a un xustificante documental que acredite terse presentado á proba ou exame. Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data.

SEGUNDA CONVOCATORIA (XULLO)

PARA SUPERAR A MATERIA NA SEGUNDA CONVOCATORIA, OS ESTUDANTES DEBERÁN APROBAR UN EXAME, QUE SE CELEBRARÁ NA DATA OFICIAL PREVISTA POLO DECANATO DO CENTRO E QUE CONSTARÁ DAS SEGUINTES PROBAS (indícase o peso de cada proba dentro do exame entre parénteses):
1. Proba teórica sobre os contidos mínimos esixidos*. (40%)
2. Proba sobre o libro de lectura obrigatoria: o estudante deberá reflexionar brevemente sobre os aspectos do libro que se lle indiquen e relacionalos cos contidos do curso. A proba desenvolverase en calquera dos idiomas da combinación lingüística da materia (10%).
3. Proba práctica de tradución dun texto breve (de arredor de 300 palabras) do inglés cara ao español (50%).
Para desenvolver o exame de segunda convocatoria non se permite o uso de apuntamentos nin medios telemáticos. Os estudiantes teñen dereito, se o solicitan, a un xustificante documental que acredite terse presentado á proba ou exame. Aquela persoa que por enfermidade, lesión ou calquera outro impedimento temporal, fidedignamente demostrado, non poida efectuar un exame ou unha proba parcial, terá dereito a ser examinado noutra data.
EXCEPCIONALMENTE, PODERÁ ACORDARSE COS ESTUDANTES QUE NON SUPERASEN UNHA PARTE CONCRETA DA MATERIA O MECANISMO OPORTUNO PARA RECUPERAR ESA PARTE NA SEGUNDA CONVOCATORIA.
PARA SUPERAR A MATERIA SERÁ NECESARIO OBTER, COMO MÍNIMO, A CUALIFICACIÓN DE APROBADO TANTO NA PARTE TEÓRICA COMO NA PARTE PRÁCTICA, SEXA CAL FOR A CONVOCATORIA E O SISTEMA DE AVALIACIÓN ELIXIDO.
En calquera das probas, traballos ou exercicios, independentemente da convocatoria e do sistema de avaliación elixido, obterán a cualificación de *suspenso* aqueles alumnos que:
- Cometan máis de dúas faltas de ortografía.
- Cometan un contrasentido (aplicable ás traducións).
- Incurran en plaxio total ou parcialmente.

***CONTIDOS TEÓRICOS MÍNIMOS ESIXIDOS:**

1. Diferenzas entre coñecemento xeral e especializado.
2. Características dos textos especializados.
3. A comunicación científica: obxectivos, fins e axentes.
4. Diferenzas entre textos científicos e textos técnicos.
5. O método científico.
6. Metas da linguaxe científica.
7. Elementos e características do estilo científico-técnico.
8. Notación científica e unidades de medida.

Bibliografía. Fontes de información

LIBRO DE LECTURA OBRIGATORIA:

EINSTEIN, Albert. 2000. *Mis ideas y opiniones*. Barcelona: Bon Ton. (Serán de lectura obrigatoria as partes 1 e 5 do libro, excepto o fragmento titulado "Geometría y experiencia" da parte 5).

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA:

AA.VV. 2006. *Scientific Style and Format. The CBE Manual for Authors, Editors and Publishers.* 7th edition. Cambridge: CUP.

AA.VV. 2010. *The Chicago Manual of Style. The Essential Guide for Writers, Editors, and Publishers.* 16th edition. Chicago: The University of Chicago Press.

ALCINA, A. e S. GAMERO, eds. 2002. *La traducción científico-técnica y la terminología en la sociedad de la información*.

Castellón: Servei de Publicacions de la Universitat Jaume I.

ALLEY, M. 1996. *The Craft of Scientific Writing*. New York: Springer.

ALLEY, M. 2000. *The Craft of Editing: a Guide for Managers, Scientists and Engineers.* New York: Springer.

BYRNE, J. 2012. *Scientific and Technical Translation Explained.* Manchester: St. Jerome.

CABRÉ, M. T. 1999. *La terminología: representación y comunicación.* Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada.

CABRÉ, T. e FELIU, J. (eds.). 2001. *La terminología científico-técnica: reconocimiento, análisis y extracción de información formal y semántica (DGES PB96-0293)*. Barcelona: Institut Universitari de Lingüística Aplicada. Universitat Pompeu Fabra.

COSTA, J. M. 2005. *Diccionario de química física*. Ediciones Díaz de Santos.

GAMERO, S. 2001. *La tradución de textos técnicos. Descripción y análisis de textos (alemán-español)*. Barcelona: Editorial Ariel.

GARRIDO, C. 2001. *Aspectos Teóricos e Práticos da Traduçom Científico-Técnica (Inglês > Galego)*. Santiago de Compostela: Associaçom Galega da Língua.

GONZALO, C. e V. GARCÍA, eds. 2000. *Documentación, Terminología y Traducción*. Madrid: Síntesis.

HERMAN, M. 1993. "Technical Translation Style: Clarity, Concision, Correctness", in WRIGHT, S.E & WRIGHT, L.D. (eds.). *Scientific and Technical Translation*. Amsterdam: Benjamins, 11-20.

MARKEL, M. 2012. *Technical Communication*. 10th edition. New York: Palgrave MacMillan.

MOSSOP, B. 2006. *Revising and Editing for Translators*. 2nd edition. Manchester: St. Jerome Publishing.

NAVARRO, F. A. 2005. *Diccionario crítico de dudas inglés-español de medicina*. 2ª edición. Madrid: McGraw-Hill/Interamericana.

PICKETT, N.A., LASTER, A.A. e STAPLES, K.E. 2001. *Technical English Writing, Reading and Speaking.* New York: Longman.

PINTO, M. e J.A. CORDÓN. 1999. *Técnicas documentales aplicadas a la traducción*. Madrid: Síntesis.

SALES SALVADOR, D. 2006. *Documentación aplicada a la traducción: presente y futuro de una disciplina.* Gijón: Trea.

DE LA RIVA FORT, J.A. 2011. "Cuatro herramientas para cuatro actividades profesionales. Recursos de Microsoft Word para la redacción, traducción, corrección y revisión de documentos especializados", en *Panace@,* 12(33): 88-97.

ROSENBERG, B.J. 2005. *Technical Writing for Engineers and Scientists.* New Jersey: Addison-Wesley.

RICO-VILLADEMOROS, F. e HERNANDO, T. 2011. "La introducción de un artículo científico original: el minusválido corazón del estudio", en *Panacea*, 12(33): 108-111.

Durante as primeiras sesións do curso entregaraselles aos alumnos un listado máis amplo de bibliografía e indicaraselles cal é a bibliografía instrumental do curso.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua A1, II: Introdución ás linguas de especialización: Español/V01G230V01302
Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución/V01G230V01621